

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DE EDUCACIÓN INFANTIL

CURSO: 2019/2020

CEIP PLURILINGÜE DE OUTES

ÍNDICE

1. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE.

2. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES.

3. AVALIACIÓN.

3.1 CRITERIOS DE AVALIACIÓN.

4. ADAPTACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DAS DIFERENTES

ESPECIALIDADES :

- **ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DE LINGUA ESTRANXEIRA.**
- **ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DE RELIXIÓN CATÓLICA.**
- **ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DE ARTS AND CRAFTS.**
- **ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DE EDUCACIÓN MUSICAL.**

1. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

A información básica desta adaptación da programación de educación infantil para a finalización do curso 2019-2020, está elaborada en base aos principios de claridade, transparencia e obxectividade.

A comunicación centro-familias farase a través do espazo Abalar e da páxina web do centro <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipoutes/>

A publicación deste documento será a través da xa mencionada páxina web do CEIP plurilingüe de Outes.

2. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE

A metodoloxía durante a aprendizaxe non presencial, estará baseada na comunicación telemática, achegando propostas ás familias a través do blogue de infantil <https://educacioninfantiloutes.blogspot.com/> e da páxina web do centro <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipoutes/>

Tamén poden consultar dúbidas ou enviar as súas propostas a través do espazo Abalar e dos correos electrónicos facilitados polas mestras titoras para tal fin:

3anosoutes@gmail.com

4anosaoutes@gmail.com

4anosboutes@gmail.com

5anosaoutes@gmail.com

5anosboutes@gmail.com

Con certa periodicidade realizaranse videoconferencias co alumnado contando coa colaboración das familias empregando a aplicación Cisco Webex Meetings.

Por medio do blogue faranse propostas de actividades globalizadas, motivadoras e primando os intereses dos nenos e nenas.

Para a selección das mesmas temos en conta que poida realizalo todo o alumnado de infantil independente da idade ou etapa na que se atope, e partindo de recursos e materiais próximos que todos teñan nos seus fogares.

Teranse en contas as diferentes conmemoracións e as actividades propostas polos diferentes equipos docentes.

A idea principal das propostas é que as familias poidan incluír algunhas delas cada día sen presión, sen necesidade de facelas todas, adaptándoas aos ritmos e preferencias de cada neno e nena, priorizando sempre o xogo libre.

O blogue de infantil está organizado por seccións ó redor das cales se vertebran as diferentes **propostas e recursos de traballo**:

- **Lecto-escritura**

<https://educacioninfantiloutes.blogspot.com/p/lecto.html>

Convídase aos nenos e nenas a facer unha achega á lecto-escritura a través de propostas significativas e próximas, mediante a elaboración de diferentes tipos de textos escritos: enumerativos, informativos, prescriptivos,... permitindo que coñeza ás súas funcións e propiedades

Suxerindo ás familias que respecten e teñan en conta a etapa na que se atopen e non facendo unha mera copia.

- **Ámbito científico-tecnolóxico**

<https://educacioninfantiloutes.blogspot.com/p/contidos-matematicos.html>

A través deste bloque achegamos ós nenos e nenas á investigación científica e a lóxica-matemática, empregando para elo elementos da vida cotiá

Estas achegas teñen unha perspectiva lúdica e convidan a facer unha observación, crear hipóteses e resolución de problemas.

- **Lectura**

<https://educacioninfantiloutes.blogspot.com/p/lectura.html>

Convídase á lectura diaria dun conto. Buscando que este momento sexa un momento especial nun ambiente tranquilo e relaxado.

- **Vida práctica**

https://educacioninfantiloutes.blogspot.com/p/blog-page_17.html

Fomentárase que participen nas tarefas doméstica reais do día a día, encamiñadas a que os nenos e nenas sexan máis independentes.

Con estas propostas entrenaremos destrezas relacionadas coa coordinación, precisión, autocontrol, auto-concepto, disciplina, concentración...

- **Experimentos**

<https://educacioninfantiloutes.blogspot.com/p/blog-page.html>

Propóñense experimentos con materiais que se poidan atopar facilmente nas casas.

E preséntaselles ás familias suxestións para axudar aos nenos e nenas a achegarse ao método científico: observación do material a empregar, facer hipóteses do que vai a ocorrer e anotalas, facemos o experimento e unha vez rematado retomamos as hipóteses recollidas e comprobamos si e cumpriron ou non.

- **Movementos**

<https://educacioninfantiloutes.blogspot.com/p/movementos.html>

Esta sección divídese en dous apartados. Nun deles atoparanse propostas de relaxación e no outro apartado actividades que supoñen unha maior activación.

- **Luz**

<https://educacioninfantiloutes.blogspot.com/p/luz.html>

Invítase aos nenos e nenas a experimentar coa luz. Un elemento fascinante para eles que promove o desenvolvemento da curiosidade e a creatividade.

recóllense propostas que inviten a xogar coa luz natural, coas sombras, coas proxeccións, coas cores, coas transparencias....

Nesta exploración permítelles crear novas ideas e novos entendementos. Fan preguntas e hipóteses que proban e reformulan de novo.

- **Texto narrativo: Conto**

<https://educacioninfantiloutes.blogspot.com/p/texto-narrativo-conto.html>

Propónse facer un achegamento ao conto, pero dende outra perspectiva. Buscando afondar cos nenos e nenas e con axuda das familias en aspectos relacionados con algunhas das súas propiedades: fórmulas de inicio e de final, personaxes, estrutura..

Ademais destas seccións, dentro do propio blogue hai outro apartado no que se pode acceder a unha serie de **enlaces, recursos e propostas interesantes** como son:

- **Imos ao museo** <https://educacioninfantiloutes.blogspot.com/p/visitas-virtuais-aos-museos.html>
- **Biblioteca virtual** <https://educacioninfantiloutes.blogspot.com/p/biblioteca-virtual.html>
- **Desde a butaca** <https://educacioninfantiloutes.blogspot.com/p/desde-butaca.html>
- **Reto muiñeira** <https://educacioninfantiloutes.blogspot.com/p/reto-muneira.html>

Cos cales convidamos ás familias a facer visitas virtuais aos diferentes museos, bibliotecas e asistir ao teatro, circo...

Tamén propoñemos as familias, nenos, nenas, profesores e todos aqueles que se queiran sumar o reto de bailar xuntos unha muiñeira.

Do mesmo xeito mediante o blogue permítense as familias achegar a outras **páxinas de intere** e aos **blogues das diferentes especialidades**: Arts, música, inglés e relixión.

3. AVALIACIÓN

A avaliación será continua e global.

Tomando en consideración as actuais circunstancias, terase en conta a observación directa e sistemática realizada ao longo da actividade lectiva presencial do primeiro e segundo trimestre.

3.1. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

4º de educación infantil

- É quen de manifestar verbalmente o seu agrado ou molestia ante determinadas situacións.
- Realiza exploracións e experimentacións cos materiais que se lle ofrecen.
- Amona unha actitude positiva ante as propostas de actividades.
- Identifica os hábitos de hixiene diario.

5º de educación infantil

- Progresa no control dos seus sentimentos e emocións.
- Adapta o seu comportamento ás regras dos diferentes contextos.
- É respectuoso co medio no que vive.
- Ten unha actitude activa ante a lectura.

6º de educación infantil

- É autónomo/a no coidado de si mesmo/a.
- Identifica os diferentes usos e funcións dos números.
- Ten curiosidade por todo o que lle rodea.
- Conta cousas das súas experiencias familiares.
- Gusta facer uso da escritura (convencional ou non) para transmitir información.

4. ADAPTACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DAS DIFERENTES ESPECIALIDADES :

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DE LINGUA ESTRANXEIRA

1. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

4º de educación infantil

- Gusta de participar nas actividades lúdicas propostas de imitación e repetición de sons, palabras...

5º de educación infantil

- Gusta de participar nas actividades lúdicas propostas de imitación e repetición de sons, palabras...

6º de educación infantil

- Gusta de participar nas actividades lúdicas propostas de imitación e repetición de sons, palabras...
- Participa empregando formas non lingüísticas (xestos, accións...) en actividades desenvolvidas na lingua estranxeira

2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

Na avaliación terase en conta os resultados das dúas primeiras avaliacións e o traballo realizado durante a actividade lectiva non presencial. Tamén se valorará sempre de xeito positivo a participación nas actividades propostas no blogue.

3. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES

Dada a complexidade da situación actual que non permite que as sesións poidan levarse a cabo dunha maneira presencial, a metodoloxía estará baseada na comunicación telemática co alumnado a través do blogue de Inglés que está na páxina web do centro e o correo electrónico para solucionar dúbidas. Tamén se manterá a comunicación coas familias e videoconferencias coa aplicación Cisco Webex Meetings co alumnado e cos titores de cada aula.

Durante o terceiro trimestre desenvolveranse actividades de **repaso, reforzo e, no seu caso, ampliación** das aprendizaxes anteriores que resulten necesarias para todo ou parte do alumnado.

Ademais a través do blogue propóñense diferentes actividades motivadoras cancións, xogos, actividades de resposta corporal (TPR), contos... e algunha ficha moi sinxela. Con motivo de conmemoracións tales como Easter, St . Patrick´s Day, World Book Day, tamén se propuxeron algunhas manualidades e vídeos referentes a ditas celebracións.

4. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

- A comunicación centro-familias farase a través do espazo Abalar e da páxina web.
- Publicación deste documento na páxina web do centro.

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DE RELIXIÓN CATÓLICA

1. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Sabe que quen comparte, fai o mesmo que Xesús fixo e ensinou a facer
- Recoñece a cruz como símbolo que nos leva a Xesús.

2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

Na avaliación terase en conta os resultados das dúas primeiras avaliacións e o traballo realizado durante a actividade lectiva non presencial. Tamén se valorará se

3. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES

Dada a complexidade da situación actual que non permite que as sesións poidan levarse a cabo dunha maneira presencial, a metodoloxía estará baseada na comunicación telemática co alumnado a través do blogue de Relixión incluído na páxina web do centro e o correo electrónico para solucionar dúbidas. Tamén se manterá a comunicación coas familias e videoconferencias coa aplicación Cisco Webex Meetings co alumnado e cos titores de cada aula.

A través do blogue propóñense xogos interactivos, traballos manuais, vídeos, cancións, contos... e algunha actividade impresa sinxela

4. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

- A comunicación centro-familias farase a través do espazo Abalar e da páxina web.
- Publicación deste documento na páxina web do centro.

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DE ARTS AND CRAFTS

1. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

4º de educación infantil

- Explora as posibilidades plásticas e creativas de distintos materiais (papeis, cartón, arame, plástico...

5º de educación infantil

- Participa con interese en actividades expresivas plásticas.
- Explora as posibilidades plásticas e creativas de distintos materiais (papeis, cartón, arame, plástico...

6º de educación infantil

- Participa con interese en actividades expresivas plásticas.
- Explora as posibilidades plásticas e creativas de distintos materiais (papeis, cartón, arame, plástico...

2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

Na avaliación terase en conta os resultados das dúas primeiras avaliacións e, soamente de xeito positivo, o traballo realizado durante a actividade lectiva non presencial.

3. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES

Dada a complexidade da situación actual que non permite que as sesións poidan levarse a cabo dunha maneira presencial, a metodoloxía estará baseada na comunicación telemática co alumnado a través do blog de Arts que está na páxina web do centro e o correo electrónico para solucionar dúbidas. Tamén se manterá a comunicación coas familias e videoconferencias coa aplicación Cisco Webex Meetings co alumnado e cos titores de cada aula.

A través do blog propóñense diferentes actividades: manualidades, pintura, debuxo, construción, xogos... En distintos formatos, videotutoriais, demostracións paso a paso, etc.

4. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

- A comunicación centro-familias farase a través do espazo Abalar e da páxina web.
- Publicación deste documento na páxina web do centro.

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DE EDUCACIÓN MUSICAL

1. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Participa con interese en actividades expresivas musicais.
- Explora as propiedades sonoras do corpo.

2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

Na avaliación terase en conta os resultados das dúas primeiras avaliacións e o traballo realizado durante a actividade lectiva non presencial.

3. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES

Dada a complexidade da situación actual que non permite que as sesións poidan levarse a cabo dunha maneira presencial, a metodoloxía estará baseada na comunicación telemática co alumnado a través do blogue de Música incluído na páxina web do centro e o correo electrónico para solucionar dúbidas. Tamén se manterá a comunicación coas familias e videoconferencias coa aplicación Cisco Webex Meetings co alumnado e cos titores de cada aula.

A través do blogue fanse diferentes recomendacións de propostas musicais, recoñecemento de instrumentos e algunha actividade impresa.

4. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

- A comunicación centro-familias farase a través do espazo Abalar e da páxina web.
- Publicación deste documento na páxina web do centro.